

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 30 de xaneiro de 2024, da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión de diversos postos de supervisor/a de unidade, convocados mediante a Resolución do 28 de xullo de 2023 (Diario Oficial de Galicia número 150, do 8 de agosto).

Convocada mediante a Resolución do 28 de xullo de 2023 (DOG nº 150, do 8 de agosto), a provisión de diversos postos de supervisor/a de unidade, esta xerencia, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 137/2019, do 10 de outubro (DOG nº 208, do 31 de outubro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Orde do 22 de abril de 2020 (DOG nº 82, do 29 de abril), de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, e o Decreto 134/2019, do 10 de outubro (DOG nº 204, do 25 de outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia,

DISPÓN:

Primeiro. Resolver a convocatoria pública para a provisión diversos postos de supervisor/a de unidade, convocados mediante a Resolución do 28 de xullo de 2023 (DOG nº 150, do 8 de agosto).

Segundo. Nomear, para os postos que se indican, as persoas citadas no anexo desta resolución.

Terceiro. Os/as aspirantes seleccionados/as deberán cesar na praza que desempeñan dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrito ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada da persoa interesada, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.



O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a condición de servizo activo, e os correspondentes haberes percibiranse de conformidade co que estableza a orde sobre confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado/a nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Cuarto. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada, perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, nos termos establecidos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, 30 de xaneiro de 2024

Luis Verde Remeseiro
Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

ANEXO

Denominación do posto: supervisor/a de unidade de Enfermaría de Bloque Cirúrxico-H. Teresa Herrera.

Centro: Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

Nome e apelidos: Eva Martínez Feal.

DNI(*): ***4366**.

Denominación do posto: supervisor/a de unidade de Enfermaría de Bloque Cirúrxico-H. Universitario A Coruña.

Centro: Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

Nome e apelidos: Inés Puñal Prol.

DNI(*): ***0017**.

Denominación do posto: supervisor/a de unidade de Enfermaría de Consultas Externas-Centros de Especialidades do Ventorrillo, Betanzos e Ponteceso.

Centro: Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

Nome e apelidos: Ana María López Martínez.

DNI(*): ***9875**.



Denominación do posto: supervisor/a de unidade de Enfermaría de Consultas Externas-H. Abente e Lago.

Centro: Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

Nome e apelidos: María Victoria Docampo Seoane.

DNI(*): ***6400**.

Denominación do posto: supervisor/a de unidade de Enfermaría de Consultas Externas-H. Teresa Herrera.

Centro: Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

Nome e apelidos: María Concepción Reguero Hermida.

DNI(*): ***4200**.

Denominación do posto: supervisor/a de unidade de Enfermaría de Hospital de Día.

Centro: Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

Nome e apelidos: Carmen María Pereira Rodríguez.

DNI(*): ***2808**.

(*) Ocúltase parcialmente o número do documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal.

